

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de novembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día dezoito de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1353).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1354).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DO DEPÓSITO TEMPORAL INDEFINIDO DUNHA OBRA DE XOSÉ LODEIRO NO MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 4485/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural e a concelleira de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aceptar a oferta de D^a Victoria Rodríguez Merino de depósito temporal indefinido e gratuito; no Museo da cidade de Vigo “Quiñones de León”; con destino á exposición “O fermoso rostro do país” actualmente instalada na Pinacoteca Municipal; da obra da súa propiedade identificada como:

- Título: “Sen título”
- Autor: Lodeiro
- Medidas: Díptico de 127 x 76 cm (con marco)
- Técnica: Óleo con pedra mol sobre tea
- Valor de seguro: 5.634,70 €

2.- Dar conta do presente acordo á Xunta Reitora do Museo da cidade “Quiñones de León” na primeira sesión que esta celebre.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos.. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.